

PUBLICACIÓN ACORDO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Xunta de Goberno desta Entidade Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 26 de agosto de 2019 adoptou, entre outros, o acordo que deseguido se transcribe:

4.- Subvencións. Concesións.

4.3.- Subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2019.

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do luns 20 de maio de 2019 foron aprobadas as "Bases xerais reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade deportiva durante o ano 2019".

Na mesma sesión foron aprobadas as "Bases específicas da Convocatoria do programa de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2019".

Posteriormente publicáronse no Bop da provincia de A Coruña nº 95, de 22 de maio de 2019, e no Bop da provincia de A Coruña nº 101, de 30 de maio o correspondente extracto, relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións.

De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por decreto de alcaldía 1956/2019 de 17 de xullo, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 19 de xullo de 2019, da que se emite acta e na cal se formulou proposta de acordo provisional.

Vista a acta da xuntanza e a proposta de resolución provisional, a Alcaldía resolveu por decreto nº 1994/2019 de data 19/07/2019, entre outras, conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2019, e abrir un prazo de 10 días hábiles para que as entidades solicitantes comuniquen, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións.

Transcorrido o prazo non se recibiron alegacións polo que, vista a proposta do Concelleiro delegado de Deporte e Cultura, de 20/08/2019, no expte. 2019/A002/000007, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (5), acorda:

Primeiro.- Conceder as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2019 ás entidades que se relaciona no anexo 1, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor. (RC2220190005583), sendo o importe total proposto de 7.337,47 €.

Segundo.- Ordear a notificación ós interesados propostos como beneficiarios na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, para que no prazo de dez días comuniquen a aceptación ó servizo de fomento e progras deportivos, advertindo de que transcorrido o prazo sen terse producido a aceptación expresa, a subvención entenderase tácitamente aceptada.

Terceiro.- Ordear a publicación deste acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Carballo e na páxina web municipal <http://carballo.org/deporte/portada.php>.

Exp. 2019/A002/000007

Cuarto.-No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Ley 38/2003, general de subvenciones, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión desta subvención ós respectivos beneficiarios.

Anexo 1.- Subvencións concedidas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2019.

Entidade Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Importe Solicitado	Puntos	Importe Outorgado	Orzamento Subvencionado a Xustificar (1)
Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	Campionatos de España de Triatlón	337,47 €	20,36	337,47 €	482,10 €
Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	Campionatos de España de Natación	1.039,31 €	72,73	1.000,00 €	3.333,33 €
Bergantiños F.C.	G15116775	Fase de Ascenso a 2ªB	2.500,00 €	106,18	2.500,00 €	9.747,13 €
Escolas Balonmán Xiria	G70046362	Fase de Ascenso División de Honra Prata	2.000,00 €	64,27	2.000,00 €	3.123,60 €
Escola Lubiáns de Hockei e Patinaxe	G15149230	Liga Ok Bronce	1.500,00 €	90,00	1.500,00 €	6.300,00 €

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretaria accidental

Susana Mariño Lorenzo